

Curso:

“Vivenciación do currículum de matemáticas”



*Fernando Eijo
Manuel Felpeto*

Se te anotaches a este curso pensando en que che vai solucionar a vida, lamentamos comunicar que o obxectivo é o contrario: complicalas, facer pensar, xerar dúbidas e reformular todo o que facemos nas nosas aulas. Con todo, achegará unha gran cantidade de ideas e actividades para que poidas poñer en práctica dende o primeiro día.

Con todo o cariño, Fer e Manu.

Índice

1. AS MATEMÁTICAS NA LOMLOE.....	2
2. AULAS PARA PENSAR (Peter Liljedahl).....	13
3. O SENTIDO ALXÉBRICO E A DIDÁCTICA DA LÓXICA MATEMÁTICA.....	21
4. O PENSAMENTO COMPUTACIONAL EN EDUCACIÓN PRIMARIA.....	34
5. O SENTIDO DA MEDIDA EN EDUCACIÓN PRIMARIA.....	40
6. O SENTIDO ESPACIAL EN EDUCACIÓN PRIMARIA.....	51
7. SENTIDO ESTOCÁSTICO.....	68
8. SENTIDO NUMÉRICO.....	87
Bibliografía:.....	105
 Anexo: Cadros de contidos do currículo.....	 108

1. AS MATEMÁTICAS NA LOMLOE

1. Introducción

As matemáticas na **LOMLOE** (Lei Orgánica 3/2020) e no **Decreto 155/2022 da Xunta de Galicia** constitúen unha área clave para o desenvolvemento integral do alumnado. Defínense como un saber instrumental e cultural que:

- Axuda a comprender e estruturar a realidade.
- Fomenta o pensamento crítico, a creatividade e a resolución de problemas.

O Ministerio de Educación emprega referencias de currículos doutros países que son referentes na área de matemáticas, como poden ser os de Estonia, Portugal ou Ontario.

Hai unha influencia notable da obra de Ángel Alsina, pero se podemos sinalar un libro referente sería *Principios y Estándares para la Educación Matemática*, obra elaborada pola National Council of Teachers of Mathematics.

Ás Comunidades Autónomas correspondeulles o desenvolvemento do 50% do currículo e Galicia optou por empregar unha nomenclatura diferente dos compoñentes do currículo e por unha redacción particular dos contidos, de xeito procedimental. Ademais, a aplicación PROENS condicionou algúns aspectos

O currículo tivo boa acollida entre as asociacións de profesorado de matemáticas e lexitima prácticas competencias que se viñan realizando dende hai tempo.

O obxectivo fundamental da lei é que as aprendizaxes teñan un fin, que se pase de saber a saber facer. Para conseguilo, a LOMLOE establece **cinco procesos fundamentais**, que están presentes en todos os sentidos matemáticos e en todos os ciclos.

Proceso	Que implica	Exemplo de aula
Resolución de problemas	Afrontar situacións abertas, formular hipóteses, buscar estratexias e comprobar solucións.	Resolver como repartir materiais entre grupos con condicións dadas.
Razoamento e proba	Formular conxecturas, argumentar e xustificar os resultados.	Demostrar con material manipulativo que a suma de ángulos dun triángulo é 180° .
Conexións	Relacionar ideas matemáticas entre si e con outras áreas ou contextos reais.	Calcular áreas no xeoplano e logo aplicalo á maqueta dunha vivenda.
Comunicación e representación	Expresar ideas, procedementos e resultados empregando diferentes formatos: oral, escrito, gráfico, simbólico ou tecnolóxico.	Representar nun gráfico os datos recollidos nunha enquisa de clase.
Destrezas socioemocionais	Afrontar retos con perseveranza, aceptar o erro como parte da aprendizaxe e traballar en equipo.	Resolver en grupo un enigma matemático asumindo roles diferentes.

Nos procesos de ensino e aprendizaxe será necesario pasar por diferentes fases nas que o alumnado pase de comprender os conceptos matemáticos a aplicalos con eficacia.

No seguinte cadro resúmense estas fases e os elementos que forman parte de cada unha delas.

Proceso de aprendizaxe

Catro fases

Comprender

Vivenciar

Manipular

- Co propio corpo
- Observación en contextos reais

Enunciar

Linguaxe matemática

- Terminoloxía técnica e propia da materia

Memorizar

Axilizar sen estratexias

- Economizar
- Rapidez en cálculos sinxelos

Aplicar

Situacións de aprendizaxe

Enunciados e problemas

- Contextos da vida real que hai que resolver con matemáticas

- Enunciados con situacións matemáticas e problemas contextualizados

O currículo organízase en:

- **Obxectivos**

Logros que se espera que o alumnado alcanzase ao analizar a etapa e cuxa consecución está vinculada á adquisición das competencias clave.

- **Competencias clave**

Desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo, e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais

- **Competencias específicas ou Obxectivos da área (OBX)**

Desempeños que o alumnado debe poder despregar en actividades ou en situacións cuxo abordaxe require dos saberes básicos de cada área.

En Galicia, obxectivos de área.

- **Criterios de avaliación (CA)**

Referentes que indican os niveis de desempeño esperados no alumnado nas situacións ou actividades ás que se refíren as competencias específicas de cada área nun momento determinado do seu proceso de aprendizaxe.

- **Saberes básicos**

Coñecementos, destrezas e actitudes que constitúen os contidos propios dunha área e cuxo aprendizaxe é necesario para a adquisición das competencias específicas.

En Galicia, contidos.

- **Situacións de aprendizaxe**

Situacións e actividades que implican o despregamento por parte do alumnado de actuacións asociadas a competencias clave e competencias específicas, e que contribúen á adquisición e desenvolvemento das mesmas.

2. Competencias específicas, obxectivo de área

Os obxectivos non se centran en contidos illados, senón en competencias para a vida. Inclúen desde interpretar situacións da vida cotiá ata desenvolver destrezas socioemocionais e sociais. O pensamento computacional entra de cheo como novidade.

Código	Obxectivo (redacción resumida)
OBX1	Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas.
OBX2	Resolver situacións problemáticas aplicando diferentes técnicas e estratexias.
OBX3	Explorar, formular e comprobar conxecturas matemáticas sinxelas.
OBX4	Utilizar o pensamento computacional para modelizar e automatizar situacións.
OBX5	Recoñecer conexións entre ideas matemáticas e con outras áreas ou contextos.
OBX6	Comunicar e representar conceptos e resultados matemáticos en diferentes formatos.
OBX7	Desenvolver destrezas persoais (emocionais, perseveranza, resiliencia) ante retos matemáticos.
OBX8	Desenvolver destrezas sociais , recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos

3. Criterios de avaliación

- Os criterios avalían procesos e non resultados illados. Parten das competencias específicas -obxectivos en Galicia-.
- Son competencias
- Non avalían contidos
- Buscan a avaliación do proceso.
- En cada sentido, o criterio complementa o criterio, de aí nacen os mínimos de cada criterio.

Obxectivo da área (Galicia)	Criterios de avaliación
OBX1. Interpretar situacións da vida cotiá mediante representación matemática para analizar a información relevante.	1.1 Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá empregando diferentes estratexias ou ferramentas. 1.2 Producir representacións matemáticas a través de esquemas ou diagramas que axuden na resolución dunha situación problematizada.
OBX2. Resolver situacións problematizadas aplicando técnicas e estratexias diversas.	2.1 Comparar diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada. 2.2 Obter posibles solucións dun problema seguindo unha estratexia coñecida. 2.3 Demostrar a corrección matemática das solucións e a súa coherencia co contexto.
OBX3. Explorar, formular e comprobar	3.1 Analizar conxecturas matemáticas

Obxectivo da área (Galicia)	Criterios de avaliación
conxecturas sinxelas ou propoñer problemas matemáticos en contextos cotiáns.	sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións. 3.2 Dar exemplos de problemas sobre situacións cotiás que se resolven matematicamente.
OBX4. Utilizar o pensamento computacional para modelizar e automatizar situacións.	4.1 Automatizar situacións sinxelas da vida cotiá que se realizan paso a paso ou seguen unha rutina, empregando principios básicos do pensamento computacional. 4.2 Empregar ferramentas tecnolóxicas axeitadas no proceso de resolución de problemas.
OBX5. Recoñecer e utilizar conexións entre ideas matemáticas e con outras áreas ou contextos.	5.1 Realizar conexións entre diferentes elementos matemáticos, aplicando coñecementos e experiencias propios. 5.2 Interpretar situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.
OBX6. Comunicar e representar conceptos e resultados matemáticos con diferentes formatos.	6.1 Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario básico e mostrando comprensión. 6.2 Explicar procesos, ideas e resultados matemáticos en diferentes formatos,

Obxectivo da área (Galicia)	Criterios de avaliación
	utilizando un vocabulario sinxelo e adecuado.
OBX7. Desenvolver destrezas persoais para xestionar emocións ante retos matemáticos, aceptando o erro como parte da aprendizaxe.	7.1 Identificar as emocións propias ao afrontar retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo autoconfianza. 7.2 Mostrar actitudes positivas como esforzo, flexibilidade e valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe.
OBX8. Desenvolver destrezas sociais, respectando a diversidade e traballando en equipos heteroxéneos.	8.1 Traballar en equipo activa e respectuosamente, comunicándose de forma adecuada, respectando a diversidade e resolvendo conflitos pacificamente. 8.2 Participar no reparto de tarefas, asumindo responsabilidades individuais e empregando estratexias de cooperación para obxectivos compartidos.

4. Sentidos matemáticos

A LOMLOE estrutura os contidos en seis sentidos matemáticos, que funcionan como eixes vertebradores.

Sentido	Definición	Exemplo de actividade
Numérico	Comprensión e uso flexible de	Xogo de tendas con euros para

Sentido	Definición	Exemplo de actividade
	números e operacións.	calcular prezos e cambios.
Medida	Comparar atributos e empregar unidades convencionais e non convencionais.	Construír un calendario da aula para comprender unidades de tempo.
Espacial	Identificar e representar figuras, movementos e relacións xeométricas.	Actividade con xeoplano para crear figuras e calcular áreas.
Alxébrico e computacional	Recoñecer patróns, modelizar e aplicar algoritmos.	Crear instrucións paso a paso para programar un robot escolar.
Estocástico	Interpretar datos, comprender a incerteza e inferir conclusións.	Xogo de pompóns de cores para introducir probabilidade.
Socioemocional	Xestionar emocións, fomentar respecto e traballo en equipo.	Resolver retos en equipo con roles rotatorios.

5. Saberes básicos (contidos)

Conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes deseñados de acordo co desenvolvemento evolutivo do alumnado.

- Son un medio, non un fin, teñen conexións cos criterios de avaliación.
- No currículo indícanse esas conexións a través dunha redacción integradora.

**Anexo: cadros dos contidos dos diferentes sentidos*

6. Metodoloxía

- O **erro** é unha **oportunidade** de aprendizaxe.
- O **profesorado** debe ter un rol **mediador**, un rol de guía

- A **vivencia, manipulación, representación e abstracción** deberán ser procesos presentes en calquera situación de aprendizaxe
- As matemáticas apréndense en **contextos funcionais, reais e relacionados co cotián**.
- Proporcionar unha **variedade rica e diversa de situacións de aprendizaxe** nas que o alumnado constrúa significativamente os coñecementos.

7. PROENS

- Moitos criterios de avaliación repítense nos distintos sentidos, polo que, ás veces, nas mesma unidade, repítense con distinto CA.
- As **unidades didácticas transversais** poden ser unha boa opción para este problema.
- A **resolución de problemas**, xunto ás **destrezas emocionais**, constitúen os dous eixes principais da actividade matemática. Porén, deberán abordarse e avaliarse de forma transversal en toda a área.
- Mínimos dos criterios: **relacionar o criterio de avaliación co contido** específico da **UD** que estamos a traballar.
- Contidos en **espiral**: favorecen a avaliación continua

8. Situacións de aprendizaxe

Diferenzas e similitudes doas Uds integradas e os proxectos:

- Abordan situacións cotiás
- Empregan obxectivos claros e precisos
- Integran diversos saberes básicos
- Concreción curricular
- Deseño de actividades e avaliación formativa

9. Conclusión

A LOMLOE entende as matemáticas como unha ferramenta para a vida e non só como aprendizaxe de técnicas. O currículo de Galicia reforza esa visión apostando por:

- Contextos significativos.
- Actividades manipulativas e colaborativas.
- Inclusión e perspectiva de xénero.
- Conexión coas emocións e coas competencias cidadás.

2. AULAS PARA PENSAR (Peter Liljedahl)

O obxectivo principal é proporcionarlle ao alumnado unha estrutura organizativa do espazo, dos grupos do alumnado e das propostas da sesión que facilitan o pensamento. Deben ser aprendizaxes a través da resolución de problemas.

Principios básicos

Tipos de tarefas

Para evitar a simple imitación, debemos formular propostas que obriguen a pensar, aínda que en determinados momentos provoquen atascos e momentos de frustración. Liljedahl chámalles tarefas altamente atractivas, porque xeran conflito e pensamento independentemente de que sexan curriculares ou non.

Establece tres tipos:

- Tareas non curriculares
- Tareas que seguen un guión
- Tareas curriculares

Agrupación do alumnado

Das súas investigacións chega á conclusión de que o número ideal de alumnos por grupo é de tres.

Formación dos grupos e roles

Determina que os grupos deben ser aleatorios en cada sesión e, ademais, o alumnado debe comprobar esa aleatoriedade. Por iso emprega métodos como as cartas para que non existan dúbidas.

En canto aos roles, unicamente un alumno pode ser portador do rotulador. Os outros deberán verbalizar as súas achegas. Ese rol pode mudar por indicación da mestra.

Espazo de traballo e deseño da aula

Hai unha oración que resume este apartado: o alumnado debe traballar de pé. A posición vertical favorece o pensamento e, por iso, o deseño da aula buscará esa disposición do alumnado.

Empregaranse superficies verticais non permanentes, maiormente encerados brancos borrables, que facilitan a exposición de diferentes ideas e a experimentación.

Polo tanto, tendo en conta a natureza da nosa escola, a aula deseñada para levar a cabo esta metodoloxía de traballo deberá ter superficies verticais non permanentes para poder organizar o número axeitado de equipos de traballo.

Outro aspecto a ter en conta é a distribución do resto do mobiliario para que non entorpeza a circulación polas superficies verticais non permanentes. As mesas e cadeiras non deben estar orientadas a un punto de referencia e, na medida do posible, debe evitarse a simetría, pois a excesiva orde limita a liberdade do alumnado.

Cabe resaltar que neste tipo de aula non é necesario ter moito mobiliario nin material; é mellor renunciar a el para favorecer a mobilidade. No caso de ter mesa de mestre, non deberá entorpecer o desenvolvemento da sesión nin constituír un lugar de referencia.

Como responder ás preguntas? Retroalimentación

Na aula dáse tres tipos de preguntas: preguntas de proximidade, preguntas para deixar de pensar e preguntas para seguir pensando. As preguntas dos dous primeiros tipos é mellor non respondelas ou evitalas.

Estratexias como sorrir, afastarse ou responder con outra pregunta poden resultar eficaces, así como facer unha explicación previa dos tipos de preguntas e de cales van ser respondidas ou non. A anticipación tamén pode resultar un excelente recurso, formulando cuestións cando visitemos un grupo que impliquen unha resposta razoada por parte do alumnado.

Como se presenta a tarefa?

A esta cuestión engadimos onde e cando presentamos a tarefa ou reto que temos que resolver. A modo de resumo, as tarefas presentaranse de forma verbal co alumnado en pé nos primeiros cinco minutos da sesión. Esta lección está fundamentada na caída da enerxía despois dos primeiros cinco minutos, nas vantaxes fisiolóxicas de estar de pé

fronte a estar sentado, na atención prestada á oralidade e na capacidade para facer pensar desta forma de presentar a tarefa.

Preguntas para comprobar a atención e a comprensión

Esta expresión substitúe aos deberes, á práctica ou ás tarefas. Para que cumpran o seu obxectivo deben ir acompañadas dunha serie de medidas:

- non ser cualificadas
- non ser corrixidas
- non ser pedidas
- ser presentadas como oportunidades
- as respostas son entregadas ao mesmo tempo
- as solucións traballadas son entregadas a posteriori para comprobar a comprensión
- e o alumnado debe discutir que preguntas son importantes para todos

Trátase de evitar que o alumnado adopte prácticas como o copiado das respostas, as desculpas e enganar para non facelas, ou a busca de axuda externa para atopar unha solución.

Estas preguntas poden realizarse tanto na aula como na casa e, en consonancia co exposto ata agora, pretenden facer pensar a excepción dunha resposta.

Autonomía dos estudantes

O coñecemento debe mobilizarse entre grupos e, para iso, temos que delegar funcións que tradicionalmente lle corresponden aos mestres. As respostas que poida facilitar outro grupo non poden ser dadas pola docente; é dicir, debemos ter de forma deliberada unha actitude de menor intervención directa.

O intercambio de información entre grupos debe ser visto como algo normal dentro das sesións.

Emprego de pistas e/ou ampliacións

É fundamental que o alumnado flúa na súa aprendizaxe. Este fluxo depende de dous factores: desafío e aptitude. O equilibrio para manter o fluxo non sempre é sinxelo e, para iso, empregamos dous recursos: as pistas e as ampliacións.

As pistas son necesarias cando o desafío supera a aptitude do alumnado. Podemos empregar dous tipos:

- as que reducen o desafío, nas que se proporciona parcialmente a resposta
- e as que incrementan a aptitude, máis complexas, nas que non se facilita parte da resposta senón que, cunha nova pregunta, se abren novas vías de pensamento

A ampliación debe empregarse cando a aptitude supera con creces o desafío. É necesaria para evitar o aburrimiento. Podemos empregar novas tarefas ou aumentar a dificultade da mesma, ou ben optar por cambiar o nivel de complexidade da tarefa.

Hai cinco niveis, de menor a maior:

- facer
- xustificar
- explicar
- ensinar
- crear

Como consolidar unha lección nunha aula para pensar?

Un erro frecuente é intentar consolidar as leccións por arriba, explicando a solución do problema. Isto deixa fóra de combate o alumnado que non chega á solución ou que non comprende a solución.

Na aula para pensar, a consolidación faise por abaixo, non querendo indicar isto que se baixe o nivel.

Premisa: non confundir que se consiga facer con aprender.

A consolidación por abaixo comeza pola presentación das solucións ás que todos os alumnos chegan.

Hai tres formas de levalo a cabo:

1. Debate xeral dirixido pola mestra sobre a tarefa e solucións, sen escribir.
2. O mesmo, pero escribindo na pizarra.

3. Debate detallado empregando os traballos do alumnado e as diferentes capas de solución.

Non se trata de explicar o propio traballo, senón de intentar descifrar o traballo doutro. Así cambiamos a consolidación de explicar a **pensar**.

A mestra organiza o paseo pola galería numerando as superficies verticais non permanentes nunha secuencia ordenada, destacando o pensamento do alumnado debuxando un cadrado ao seu redor.

Outra ferramenta útil é usar pistas para poñer na cabeceira das superficies verticais non permanentes as ideas que non queremos que se esquezan.

Por último, é importante deixar o alumnado **en pé e en movemento**

Como tomar apuntes?

O obxectivo principal será a toma de apuntes significativos e que eles poidan ser útiles no futuro. Por iso, os apuntes son elaborados polo alumnado, xa que son para eles. Deben ter ese convencemento absoluto.

É un labor complexo, por iso debemos empregar organizadores gráficos básicos. Estes organizadores varían en función da idade. O máis simple sería un cadro: nun cadrante temos vocabulario ou definición; noutro, grandes ideas e conceptos; noutro, procedementos; e, por último, no cuarto, exemplos.

En función da temática abordada, o modelo pode ser máis dirixido. A elaboración colaborativa destes apuntes será máis enriquecedora.

Un cadro resumo sería: **creación + anotación + selección = exemplos útiles**. Os exemplos prácticos son de vital importancia. Proporcionamos algún exemplo: corrixir exemplos prácticos incorrectos e tomar apuntes no proceso.

Tras tres semanas, retomamos tarefas semellantes para ter que recorrer aos apuntes significativos.

Que eliximos avaliar?

A resposta é sinxela: o que se valora. Se valoramos a actitude, e así sucesivamente.

Para que sexa efectivo, o mellor será elaborar cos alumnos un gráfico en forma de T. Esta sinxela estrutura permite diferenciar o malo do bo. Por exemplo, se avaliamos actitude: no cadro en T, como mala diríamos "renderse cando nos atascamos"; e como boa, "non renderse, buscar pistas ao redor ou preguntar ao mestre".

O seguinte paso consistirá en rúbricas de dúas ou tres columnas. Avaliar unha única competencia á vez. Empregar frechas de desenvolvemento en vez de etiquetas. Escribir pouca cantidade de mensaxes. Manter a voz dos alumnos. Non máis de cinco indicadores. Empregar exemplos cando se constrúa unha rúbrica. Xuntar o alumnado.

Como usamos a avaliación formativa?

Tratamos de que o alumnado saiba onde está e cara onde se dirixe. Elaboraremos un instrumento de avaliación que permita navegar. A cada elemento para avaliar poñémoslle tres niveis: básico, intermedio e avanzado. Os encabezamentos definen niveis de complexidade da pregunta, non capacidades. O instrumento axuda a rexistrar logros e tamén rexistrar progreso.

Como cualificamos?

- Cualificamos datos, non puntos.
- Os instrumentos delimitan resultados e os niveis de dificultade. Ponderamos resultados.
- Recompilamos datos baseados en observacións e conversacións.
- Cualificamos segundo digan os datos.
- Ignoramos valores atípicos e a falta de coñecemento previo.
- Organizamos as probas colocando as preguntas básicas ao principio.
- O alumnado elixe o nivel que quere facer.
- Buscamos formas de facer probas colaborativas.
- Portafolios como evidencia.
- Algúns alumnos non teñen que facer exames.

Recompilación das 14 prácticas (Peter Liljedahl)

Emprega "caixas de ferramentas".

A caixa de ferramentas número 1 contería:

- Entregar tarefas para pensar.
- Crear grupos visiblemente aleatorios.
- Usar superficies verticais non permanentes.
- Cambiar o mobiliario.
- Responder a preguntas para seguir pensando.
- Mobilizar o coñecemento.
- Usar pistas e ampliacións de forma asíncrona para manter o fluxo de traballo.
- Consolidar desde abaixo.

A caixa de ferramentas número 2 contería:

- Entregar preguntas de comprobación de comprensión.
- Toma de apuntes útiles.
- Avaliar o que se valora.
- Axudar ao alumnado a saber onde está e cara onde se dirixe.
- E cualificar segundo os datos, non puntos.

RETOS

RETO 1

Consegue un número de 7 cifras no que non se repita ningunha cifra.

Tes que conseguir que a multiplicación das 3 primeiras cifras dea o mesmo resultado que a multiplicación das 3 últimas cifras e, á súa vez, igual que a multiplicación das 3 cifras que se atopan no medio.

RETO 2

Se sumas tres cifras consecutivas, que observas?

$$2 + 3 + 4 =$$

E que pasa cando sumas 4?

$$2 + 3 + 4 + 5 =$$

RETO 3

Os estudantes constrúen e debuxan cubos tridimensionais formados por cubos unitarios pequenos.

Estudan patróns analizando a cantidade de lados pintados de cada cubo unitario que forma o cubo pintado máis grande.

RETO 4

Merquei un billete a Sevilla por 154 euros.

Sabendo que o IVE dos transportes está ao 10%, canto custará sen IVE?

RETO 5

Paco ten un total de 37 polos e porcos na súa granxa.

Todos xuntos teñen 98 patas.

Cantos polos e cantos porcos ten?

3. O SENTIDO ALXÉBRICO E A DIDÁCTICA DA LÓXICA MATEMÁTICA

1. Introducción

O sentido alxébrico constitúe un dos piares fundamentais das matemáticas en Educación Primaria, non porque introduza a álgebra académica, senón porque axuda ao alumnado a **pensar de forma estruturada, xeneralizar patróns, relacionar datos e crear modelos**.

Nunha etapa na que o cálculo pareceu durante anos a prioridade, este enfoque recorda que **as matemáticas non son unha colección de operacións**, senón unha maneira de comprender o mundo mediante a abstracción, as relacións, a lóxica e o razoamento.

Este capítulo presenta, en primeiro lugar, os compoñentes esenciais do sentido alxébrico; en segundo lugar, os principios metodolóxicos que deben guiar a súa ensinanza; e finalmente, a didáctica da lóxica matemática a través de actividades manipulativas e vivenciais.

2. Os compoñentes do sentido alxébrico

O sentido alxébrico organízase arredor de **catro grandes dimensións**, que deben desenvolverse progresivamente na aula:

2.1. Abstracción

Abstraer significa **extraer as características esenciais** dunha situación ou dun obxecto.

É o proceso polo que o alumnado deixa de fixarse no accesorio (cor, tamaño, disposición casual) para centrarse no que define matematicamente unha situación.

A abstracción permite crear conceptos a partir da experiencia: recoñecer que unha regra se repite, que unha estrutura se mantén, que unha relación é estable.

2.2. Datos e modelos

O sentido alxébrico supón aprender a **recoller datos, representalos e analizalos** empregando modelos adecuados: táboas, gráficos, diagramas, expresións, patróns visuais...

O alumnado debe ser capaz de:

- identificar que datos son relevantes,
- organizalos,
- representalos de modo estruturado,
- e interpretalos.

Modelizar significa converter unha situación do mundo real nun xeito de representala que permita comprender mellor o que ocorre.

2.3. Patróns e descomposicións

O recoñecemento de patróns é a esencia da álgebra en primaria.

Detrás de moitas tarefas, o obxectivo non é o cálculo, senón descubrir que:

- algo se repite de forma regular,
- un proceso segue unha regra,
- unha figura crece ou diminúe segundo unha lei,
- ou un conxunto de valores pode organizarse de forma estruturada.

A descomposición é a outra cara deste proceso: dividir un problema complexo en partes máis pequenas que se poden resolver de forma independente.

Ambas capacidades —xeneralizar e descompoñer— son claves para o pensamento matemático avanzado.

2.4. Lóxica e algoritmos

A lóxica aparece como o soporte necesario para:

- razoar con claridade,
- establecer relacións,
- identificar dependencias,
- organizar información,
- e expresar procesos mediante **secuencias, condicións e iteracións**.

Os algoritmos son a expresión formal dese razoamento ordenado: describen “como facer” algo de maneira precisa e reproducible.

3. Decálogo didáctico de M. Antonia Canals

Para ensinar lóxica e sentido alxébrico, o capítulo incorpora o **decálogo de M. Antonia Canals**, unha guía metodolóxica imprescindible que resume como debe ser a práctica docente neste ámbito.

1. **Presentar propostas como pequenas investigacións.**
2. **Invitar á acción** desde o primeiro momento.
3. **Observar o alumnado** e acoller as súas ideas espontáneas.
4. **Estar disposto a cambiar o camiño previsto**, seguindo ao alumnado.
5. **Solicitar estimacións e anticipacións** en medicións, cálculo e xeometría.
6. **Acompañar o descubrimento**, mostrando entusiasmo cando ocorre.
7. **Promover o diálogo**, pedindo explicacións orais claras.
8. **Resumir o que se fixo e o aprendido**, axudando a formular conclusións.
9. **Relacionar co traballado previamente** e con outras áreas.
10. **Converter o vivido en linguaxe escrita**, primeiro coloquial e despois matemática.

Este decálogo é máis que unha lista: é unha filosofía de aula que orienta todas as actividades de lóxica e álgebra. Parte da acción e da investigación, non da exposición teórica, e culmina na formalización.

4. Da lóxica abstracta á lóxica escolar

Historicamente, a lóxica matemática en primaria foi presentada:

- como algo demasiado **formal**,
- alleo aos intereses reais do alumnado,
- e pouco conectado coas actividades manipulativas.

Tras os informes PISA, a lóxica desapareceu practicamente dos currículos para dar máis tempo ao cálculo.

O enfoque actual é completamente distinto:

Non se trata de ensinar teoría lóxica, senón de ofrecer ao alumnado actividades que **amplíen a súa capacidade de razoamento**.

A lóxica convértese así nunha ferramenta transversal que permite:

- interpretar mellor as condicións dun problema,
- ordenar información,
- anticipar consecuencias,
- e argumentar de maneira coherente.

5. O desenvolvemento do pensamento lóxico

Traballar a lóxica posibilita:

- **Relacionar**: ordenar, comparar, establecer equivalencias.
- **Deducir leis causa-efecto**: entender as consecuencias dunha acción.
- **Reverter procesos**: desfacer, volver ao inicio, pensar no inverso.
- **Identificar leis matemáticas**: regularidades, propiedades, relacións.
- **Comprender operacións**: entender que significan e como funcionan.

- **Atopar patróns e xeneralizar:** ver máis alá do caso concreto.
- **Descompoñer problemas** en partes máis sinxelas.

Toda esta arquitectura cognitiva é esencial para o pensamento alxébrico. Sen lóxica non hai xeneralización; sen relacións non hai funcións; sen dedución non hai modelización.

6. Tres accións clave: identificar, relacionar, operar

Identificamos tres grandes verbos que articulan a aprendizaxe lóxico-matemática:

6.1. Identificar

Significa **definir e recoñecer** un obxecto ou unha característica.

Consiste en observar e inferir propiedades: que forma ten, que tamaño, que atributos.

6.2. Relacionar

É comprender como dous ou máis obxectos se conectan:

- son iguais?
- diferentes?
- poden ordenarse?
- pertencen á mesma categoría?

6.3. Operar

É actuar sobre os obxectos:

- compoñer,
- descompoñer,
- igualar,
- complementar,
- transformar.

7. O mundo das relacións: cualitativas e cuantitativas

As relacións poden ser:

- **Cualitativas:** relacións de pertenza, similitude, diferenza, atributo común.
- **Cuantitativas:** relacións numéricas, comparacións, maior/menor, equivalencias.

O mundo das relacións é o estadio máis complexo da lóxica, porque require integrar identificación, clasificación e ordenación para operar mentalmente con obxectos segundo varios criterios.

8. Secuenciación didáctica da lóxica (Josep Callís)

Josep Callís recolle unha secuencia de 7 fases para organizar as actividades de lóxica:

1. **Identificación**
2. **Ordenación**
3. **Clasificación**
4. **Intersección**
5. **Igualdade e diferenza**
6. **Seriación**
7. **Transformación**

Trátase dun itinerario que vai do máis simple ao máis complexo e que debe realizarse sempre a través de **actividades vivenciais e manipulativas**.

Secuenciación didáctica das actividades de lóxica



(Actividades vivenciais e manipulativas)

9. Actividades con bloques lóxicos



A continuación, veremos unhas propostas prácticas co material clásico de lóxica: os **bloques lóxicos**.
Describiremos unha ampla variedade de actividades, que se recollen aquí en formato de apuntes:

9.1. Descubrir e identificar

Manipulación libre para explorar características: cor, forma, tamaño, grosor.



9.2. Cadros de dobre entrada


Clasificación simultánea segundo dous criterios.

Introduce interseccións de conxuntos e relacións lóxicas básicas.



9.3. Interseccións


Traballar obxectos que cumpren dúas condicións á vez; visualizar o "E".



9.4. Adiviñar a peza oculta

Xogo dedutivo: inferir a peza a partir de pistas lóxicas.

Favorece a habilidade de descartar posibilidades.



9.5. Percorridos

Secuencias de movementos ou cambios entre pezas.

Introduce orde, dependencia e planificación.




9.6. Descubrir o elemento xerador

Identificar a regra que xera un conxunto de figuras.



9.7. Cambios guiados

Transformacións dirixidas polo docente: cambiar un atributo mantendo os demais.



9.8. Os cambios

Variación libre ou restrinxida dun obxecto atendendo aos seus atributos.



9.9. Relaciones

Actividades centradas en ver similitudes, diferencias e vínculos entre piezas.



9.10. Ordenación por importancia


Establecer criterios de orden e aplicarlos: de maior a menor, de más oscuro a más claro...



9.11. Transformaciones con condiciones

Modificar piezas siguiendo reglas específicas:

"Cambia a forma, pero conserva o tamaño."



9.12. Atopar pezas con condicións

Buscar obxectos que cumpran unha combinación dada de atributos.

ATRIBUTOS	DEBILIDADES
   	
   	
   	
   	
   	
   	
   	
   	
   	
   	

10. Outras actividades de lóxica e razoamento

Propostas adicionais, todas elas excelentes para o pensamento lóxico:

10.1. Que teñen en común e diferente?

Comparación de elementos para identificar atributos e relacións.

10.2. Cal é o intruso? (WODB)

Proposta aberta onde hai múltiples respostas correctas segundo a argumentación do alumnado.

10.3. Desafío Bebras

Retos internacionais de lóxica e pensamento computacional.

10.4. Origami

Secuenciación, precisión e lóxica xeométrica a través da papiroflexia.

10.5. Criptogramas

Descodificación mediante deducións lóxicas.

10.6. Xogos de lóxica

Varios exemplos de xogos que fomentan o razoamento, a estratexia e a planificación.

11. A lóxica e a resolución de problemas: o piar da aula

O capítulo remata coa cita de M. Antonia Canals:

"A lóxica matemática e a resolución de problemas deben ser o piar do traballo que debemos desenvolver na aula. Problemas onde o cálculo non é o obxectivo, senón a iniciativa e o enxeño de buscar estratexias, de atopar unha resposta lóxica e sabela argumentar, o feito de entender e respectar consignas e normas, e de abrirse á posibilidade de diversas solucións."

Esta afirmación resume á perfección a filosofía deste bloque:

sen lóxica non hai comprensión profunda nin pensamento matemático auténtico.

4. O PENSAMENTO COMPUTACIONAL EN EDUCACIÓN PRIMARIA

1. Introducción

O pensamento computacional (PC) é unha das contribucións máis relevantes das matemáticas escolares actuais. O PC **non é robótica**, nin necesidade de ordenadores, nin programación en código:

é unha forma de pensar perante os problemas.

O pensamento computacional permítelle ao alumnado:

- analizar situacións complexas,
- descompoñelas en partes,
- identificar patróns,
- formular solucións paso a paso,
- representar procesos mediante algoritmos,
- mellorar estratexias e prever erros.

É, por tanto, unha competencia cognitiva útil **na vida diaria**, non só no ámbito tecnolóxico.

2. Definicións oficiais do pensamento computacional

2.1. Definición de Cuny, Snyder e Wing (2010)

“O pensamento computacional é **o proceso de pensamento que intervéen na formulación de problemas e das súas solucións**, de maneira que as solucións **se representen de forma que poidan ser realizadas por un procesador de información.**”

Aquí aparecen os dous piares fundamentais:

- formular ben un problema,
- representar solucións de maneira precisa e executable.

2.2. Definición de Aho (2012)

“É o proceso de pensamento involucrado na **formulación de problemas**, por mor do cal as súas solucións **se poden representar como pasos e algoritmos computacionais.**”

Reforza a idea de que:

- o PC é secuencial,
- require claridade,
- traduce situacións reais a procedementos exactos.

É dicir, na escola o que nos importa non é a informática, senón o **modo de razoar**.

3. O pensamento computacional dentro do sentido alxébrico

O sentido alxébrico se organiza en catro apartados:

- Patróns
- Modelo matemático
- Relacións e funcións
- Pensamento computacional

O PC comparte ADN con todos eles:

- recoñece patróns,
- modeliza situacións,
- establece relacións,
- crea e interpreta algoritmos.

O currículo galego reforza esta idea cando sinala que usar PC implica **organizar datos, descompoñer en partes, recoñecer patróns, xeneralizar e crear algoritmos** para modelizar situacións da vida cotiá.

4. Os catro compoñentes fundamentais do pensamento computacional

4.1. Descomposición

Dividir un problema grande en partes pequenas:

- primeiro un paso,
- logo outro,
- despois outro...

Exemplos:

- describir movementos dunha persoa para que outra os reproduza,
- separar instrucións complexas en accións sinxelas,
- dividir tarefas como "deseñar a aula" en subtarefas: medir, calcular, ordenar, colocar.

4.2. Recoñecemento de patróns

Ver que se repite, que cambia e que permanece constante:

- movementos repetidos,
- ritmos,
- desprazamentos regulares,
- pasos dun algoritmo humano.

4.3. Abstracción

Eliminar detalles irrelevantes e quedar co esencial:

- representar movementos con frechas,
- pasar da linguaxe natural á simbólica,

- sintetizar un percorrido nunha secuencia curta de pasos.

4.4. Algoritmos

Crear un conxunto de instrucións claras, ordenadas e exactas.

- "AVANZA 2",
- "XIRA 90° Á DEREITA",
- "REPITE 3 VECES".

Formúlase un procedemento e execútase.

5. Actividades desenchufadas

5.1. Actividade 1: Dance #1 – Imitar movementos mediante instrucións

Un alumno observa a pantalla e describe os movementos; outro debe reproducilos **exactamente**, seguindo só as instrucións recibidas.

Obxectivos:

- claridade na linguaxe,
- precisión,
- secuencia,
- análise de erros.

5.2. Robots humanos

Sobre un taboleiro ou cuadrícula:

Instrucións básicas:

- 1 paso / 2 pasos
- avanzar / retroceder
- xirar 90° esquerda / dereita

O alumnado comproba:

- se unha orde mal formulada produce erro,
- se o algoritmo é reproducible,

- se pode mellorarse.

5.3. Bonecos desenchufados

Versión en mesa da actividade anterior:

- sobre láminas cuadriculadas,
- con figuras pequenas,
- movendo paso a paso.

Permite máis precisión e planificación.

5.4. Secuenciación de pasos con xadrez

O xadrez ten un potencial enorme para o PC:

- movementos fixos,
- patróns previsíbeis,
- análise de consecuencias,
- planificación sen necesidade de partida completa.

5.5. Secuenciación con papiroflexia

A papiroflexia sempre require:

- precisión,
- orde,
- reproducibilidade,
- execución guiada,
- autocontrol.

É un algoritmo manual perfecto.

5.6. Resolución de problemas

Organizar a información, determinar o que é un dato, empregar os datos necesarios, planificar a actuación, responder á pregunta, contrastación de resultados.

Formular situacións problemáticas con:

- **P**roblemas de lóxica
- **P**roblemas sen número
 - Resposta non numérica
 - Engadindo condicionais numéricos
- **P**roblemas incompletos
 - Completando o problema
 - Resolucións condicionais
- **E**nunciados sen preguntas
 - Creando todas as posibles preguntas
 - Relacionando enunciado e pregunta
- **P**reguntas sen enunciado
 - Creando enunciados
 - Buscando o enunciado axeitado
- **P**roceso de resolución
 - Identificando o proceso
 - Relacionando o proceso con enunciado e / ou pregunta
 - Formulando o proceso
- **S**olución dun problema
 - Identificando a solución
 - Relacionando a solución con enunciado e / ou pregunta e /ou proceso
 - Formulando a solución

5. O SENTIDO DA MEDIDA EN EDUCACIÓN PRIMARIA

1. Introducción

O sentido da medida é unha das dimensións fundamentais das matemáticas escolares. A medida non é simplemente “calcular” nin aprender unidades, senón adquirir a capacidade de **comprender e controlar a contorna física** empregando o corpo, a percepción, a estimación, o razoamento e as equivalencias entre unidades.

A medida implica vivencia, manipulación, contraste, comparación e progresiva abstracción. A finalidade é desenvolver unha verdadeira **competencia métrica**, necesaria para interpretar, anticipar e resolver situacións reais.

2. A competencia métrica

Competencia métrica é capacidade que lle permite ao alumnado:

- comprender a contorna,
- integrarse nela,
- e dominala desde unha perspectiva cuantitativa.

É dicir: medir é entender o mundo.

Os exemplos non son académicos nin artificiais: canto mide unha clase?, canto tardas en ir dun sitio a outro?, canta auga cabe nun recipiente?, canta forza require levantar un obxecto?

A competencia métrica conecta directamente coa vida real.

3. O valor da medida segundo Decroly

“Decroly convertía a medida no eixe transversal de aprendizaxe de todas as matemáticas.”

Para este autor, **a medida é a porta de entrada ao pensamento matemático**, porque obriga o alumnado a:

- observar,
- comparar,
- estimar,
- interpretar,
- e empregar ferramentas.

A medida non se limita a un bloque específico: atravesa número, xeometría, proporcionalidade, estatística e incluso lóxica.

4. O currículo e o uso real da medida

O uso da medida cambiou radicalmente:

- Tradicionalmente, a xente medía constantemente no día a día.
- Coa tecnoloxía, a cidadanía perdeu moita “competencia métrica”.
- Os mestres durante anos pedíronlle ao alumnado só **calcular**, pero non **medir**.

Calcular non é medir.

Medir implica:

- estimar antes,
- elixir ferramentas,
- adaptar unidades,
- comprobar,
- e comparar resultados.

Cando só ensinamos unidades e operacións, **non estamos traballando o sentido da medida.**

5. Diagnóstico: medir é controlar a contorna

Unha idea central é a seguinte:

“MEDIR É CONTROLAR A TÚA CONTORNA”

Un alumno con competencia métrica é quen de:

- estimar con sentido,
- escoller a unidade adecuada,
- saber que unidade convén segundo a magnitude,
- facer equivalencias,
- interpretar resultados,
- manipular instrumentos,
- e anticipar orde de magnitude.

O contrario é operar números sen comprender as magnitudes reais.

6. Aspectos didácticos fundamentais da medida

Principios metodolóxicos que deben guiar a ensinanza:

6.1. Comezar sempre pola vivencia

Antes de dar unha regra ou unha unidade, o alumnado debe:

- medir co corpo,
- comparar obxectos reais,
- manipular materiais,
- experimentar a magnitude.

A medida nace do corpo.

6.2. Traballar a estimación

A estimación é a base do cálculo mental e da comprensión de unidades.

Se un neno non sabe estimar, acabará aplicando regras sen sentido.

6.3. Relacionar unidades

O alumnado debe ver:

- que as unidades non son illadas,
- como se transforman,

- como se agrupan,
- como se subdividen.

6.4. Relacionar magnitudes

Destacamos:

- lonxitude $\leftrightarrow$ tempo $\leftrightarrow$ capacidade
- capacidade $\leftrightarrow$ volume
- masa $\leftrightarrow$ capacidade

Estas conexións dan sentido real ás unidades e aos datos.

6.5. A medida como oportunidade para fraccións:

Traballar:

- subunidades,
- décimas,
- centésimas,
- partes de unidade,
- permite introducir as fraccións de forma natural e manipulativa.

6.6. Traballo manipulativo: esencial

Beneficios:

- evita aprendizaxe mecánica,
- facilita corrección inmediata,
- é cooperativa,
- máis lenta ao principio, pero moito máis profunda,
- require habilidades cognitivas e actitudes proactivas,
- motiva intensamente,
- garante aplicación real do aprendido.

7. As catro fases didácticas de Josep Callís para a medida

Esquema clásico de Callís:

1. Vivenciación

- Usar o corpo e obxectos da contorna.

2. Manipulación sensorial

- Traballar con materiais concretos.

3. Simbolización

- Pasar a representacións gráficas, rexistros e cifras.

4. Abstracción

- Empregar unidades e regras con comprensión real.

Este modelo serve para TODAS as magnitudes.

MEDIDA A TRABALLAR	ETAPA ACONSELLABLE	COMPETENCIAS
ETAPA DE INFANTIL		
Lonxitude/Peso	Vivenciaión	Dominio movementos. Contos e relatos. Liñas e camiños
Tempo	Vivenciaión	
1º CICLO		
Lonxitude/Peso	Vivenciaión/Sensorial	Equivalencias en xeral. Experiencias da vida. Figuras planas. Conservación da cantidade.
Tempo	Vivenciaión/Sensorial	
Superficie/Capacidade	Vivenciaión	
2º CICLO		
Lonxitude/Peso	Simbólico	Aplicacións a problemas reais. Coñecemento de diferentes reloxo. Clasificación de polígonos, tangrams e puzzles. Volumes e corpos. Cadrados e cubos. Xiros en plano e espazo.
Tempo/Superficie/Capacidade	Sensorial/Simbólico	
Volume	Vivenciaión/Sensorial	
Ángulos	Vivenciaión/Sensorial	
3º CICLO		
Ángulos	Simbólico/Abstracción	Clasificación e ordenación de ángulos. Cálculos e intercambios de unidade.
Todas as medidas	Abstracción	

8. Didáctica da lonxitude

8.1. Principios clave

- Comezar desde a vivencia: canto mides ti?, canto mide a clase?, canto meden os teus pasos?
- Estimación previa sempre.
- Descubrir por experiencia que **a medida depende da unidade usada**.
- Buscar referencias no corpo.
- Usar diversas ferramentas: pasos, cordas, regretas, metros, cintas métricas...



8.2. Exemplos de progresión didáctica

Exemplos reais:

